

# Carriza

ÉPOCA II - Nº 22

novembro/décembro 2023

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués

LUÍS DORADO



# Carrizal

## Época II

### Xunta Directiva

**Presidente.....**Agustín Ferreira Lorenzo

**Vicepte.....**Salvador Rodríguez Muñoz

**Secret.....**M<sup>a</sup> Consuelo González de Dios

**Tesoureiro...**Manuel A. Pombal Diego

**Vogais...** Luís Dorado Senra

Noé Ferreira Rodríguez

Araceli Ozores Peixoto

### Suplentes

Carlos Angélica Entenza

Silvia Bautista Salgueiriño

### EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

### CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego

Tomás García-Caballero

### EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo

36780-A Guarda (Po)

### CONTACTO

**Tfn/WhatsApp:** 61 61 80 557

**Correo electrónico:**

anabam.anabam@gmail.com

**WEB:** [www.anabam.org](http://www.anabam.org)

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o seu contido.

## CUOTAS ANO 2023

Establécense as seguintes cuotas:

**Socio normal:** 40 €

**Socio familiar:**

1º Socio: 40 €

Resto dos socios familiares:

5 € cada un.

Porque  
a **NATUREZA**  
nos necesita,  
necesitamos  
de TI

SE NON ERES SOCIA/O  
DE ANABAM

**SUBSCRÍBETE AO**

**Carrizal**

**6 números/ano 35 €**

Foto portada:

*Hedera helix*

Luis Dorado Senra

DL VG 208-2020



Agustín Ferreira Lorenzo

A Guarda, como vila costeira, non é allea á presenza de diferentes especies de láridos que, durante parte ou todo ano, segundo as especies, van estar presentes tanto no casco urbano como na liña costeira, incluíndo a desembocadura do Miño. Soamente o interior das parroquias guardesas de Camposancos e Salcidos, está, en xeral, libre delas. A única especie que permanece todo o ano na zona é a **gaivota patiamarela**, a única que tamén aniña na vila. As demais son fundamentalmente invernantes, desaparecendo case totalmente, ou por completo, entre finais da primavera e finais do verán.

### CINCO ESPECIES DE PRESENZA HABITUAL

Ata cinco especies de láridos diferentes adoitan instalarse na bisbarra do Baixo Miño e, particularmente, na Guarda. Deste xeito, poderemos observar ás seguintes especies: **gaivota patiamarela** (*Larus michahellis*), sedentaria e a máis numerosa de todas elas. No inverno o seu número pode verse incrementado coa chegada doutras provenientes de áreas máis afastadas (Figs. 8, 9 e 10); **gaivota escura** (*Larus fuscus*), invernante, poboación escasa (Figs. 11A e B); **gaiivotón** (*Larus marinus*), invernante, con menos de 10

exemplares e de carácter máis solitario que as demais (Figs. 12A-C); **gaivota chorona** (*Chroicocephalus ridibundus*) (Figs. 13A-D), invernante con varias centenas de individuos, ocupando o segundo posto polo número de exemplares e, finalmente, a **gaivota cabecinegra** (*Ichthyæetus melanocephalus*), invernante e pouco numerosa (Figs. 14A-D). Ademais, outras especies poden aparecer de xeito casual e esporádico. Adoitan ser exemplares solitarios que por causas diversas, probablemente debido ás condicións meteorolóxicas nun momento determinado, chegan ata estas latitudes. Falamos da **gaivota hiperbórea** (*Larus hyperboreus*), da **gaivota de Delaware** (*Larus delawarensis*) e da **gaivota cana** (*Larus canus*). Non podemos esquecernos doutras aves, algo semellantes ás gaivotas, pero de diferente xénero, como son o **carrán cristado** (*Thalasseus sandvicensis*) e o **carrán común** (*Sterna hirundo*) que algunhas persoas poden confundir con gaivotas.

Polo número de individuos, como queda dito máis arriba, a máis numerosa é a gaivota patiamarela. Ao longo do tramo costeiro e fluvial rebanan o milleiro de exemplares. A continuación, séguelle a gaivota chorona. Dos gaivotóns observamos exemplares illados tódolos invernos, principalmente na desembocadura do Miño aínda que, algún que outro, recalca no porto guardés. A gaivota escura, parécenos que anos atrás era moito máis numerosa pero dá a impresión que o seu número descendeu notablemente, polo que haberá que estar máis atentos para comprobar se esta impresión é certa ou non.


De todas elas, como dixemos, soamente a gaivota patiamarela aniña no Baixo Miño, máis concretamente no núcleo urbano da Guarda, con algunha parella illada en Camposancos, así como no límite da parroquia da Guarda con Salcidos, no lugar da Sangriña (Fig. 1). Finalmente, unha parella illada aniña dende hai varios anos no núcleo urbano de Tui, concretamente no Instituto Indalecio Tizón e, ao parecer, tamén hai unha parella no núcleo urbano de Tomiño (Fig. 2).

Os primeiros exemplares que comezaron aniñando na Guarda deberon facelo a finais da década dos noventa. A primeira información que temos dun niño facilitouma de xeito persoal Joaquín Castro, propietario do estaleiro Castro. Tratábase dunha parella que fixera un niño nun dos barcos varados a carón do estaleiro que el rexentaba, no Pasaxe (Camposancos-A Guarda). Levaba dous anos aniñando na mesma zona, no 1999 e no 2000, desta última data agasalloume cunha fotografía do aniñamento (Fig. 3). No ano 2003, Antón Ferreira danos información fotográfica (fotografía tirada o 31 de xullo) dun dos niños existentes nun dos edificios do porto da Guarda (Avda. Fernández Albor) (Fig. 4). No ano 2009, nun censo realizado a nivel peninsular pola SEO (Sociedad Española de Ornitología), conséntase a presenza de 15 parellas nidificantes no casco urbano guardés, mais, pensamos que non se censou axeitadamente e suficientemente as gaivotas que aniñaban no citado concello. A partir do ano 2010 decidimos facer un seguimento anual e recollida de datos relacionados co aniñamento das gaivotas na bisbarra baixomiñota,



Fig. 1. Os catro puntos, fóra do casco urbano da Guarda, onde temos rexistros

- 1.– Salcidos, no colexio de primaria, polo menos dende o ano 2017.
- 2.– Camposancos, nunha palmeira atacada polo picudo vermello. Aniñou só no ano 2020.
- 3.– No hotel situado no piñeiral da praia de Camposancos, polo menos dende o ano 2015 ata o 2022.
- 4.– Nun chalé situado no piñeiral da praia de Camposancos. Anos 2021 e 2022.



particularmente na vila da Guarda. Nese mesmo ano, os resultados acadados por nós nesta vila, puxeron de manifesto que o número de parellas nidificantes era, con moita diferenza, moi superior aos datos rexistrados pola SEO o ano anterior. En efecto, o resultado do noso traballo de campo deunos un mínimo dunhas 10 veces o número de parellas nidificantes rexistradas pola devandita organización ornitolóxica. Contabilizamos algo máis de 150 niños, que polas esti-

Fig. 2. Localización dos cinco enclaves de aniñamento existentes no Baixo Miño: 1, A Guarda (núcleo urbano). 2, Camposancos. 3, Salcidos. 4, Tui (núcleo urbano) e 5 Tomiño



Fig. 3. Embarcación varada no estaleiro Joaquín Castro (O Pasaxe, Camposancos), no mes de xuño do ano 2000. Obsérvase o niño na parte central da fotografía (frecha vermella). (Fotografía de Joaquín Castro)

macións poderían chegar aos 180, fronte aos 15 que aparecen reflectidos no censo da SEO.

### **ÁREA DE NIDIFICACIÓN**

O municipio da Guarda, sitúase no suroeste da comunidade autónoma galega, nun triángulo invertido, perfectamente delimitado, tendo por base o concello de O Rosal, ao norte; o vértice na desembocadura do Miño, ao sur; o río Miño ao leste e o Océano Atlántico ao oeste. A superficie do municipio é de 20,5 km<sup>2</sup>. As máximas alturas do territorio son o Alto do Terroso (369 m), no monte Terroso, o Pico de San Francisco (344 m), e o Facho (331 m), ámbolos dous no monte Trega. A poboación guardesa oscila nun rango comprendido entre pouco máis dos 9.900 e algo menos de 10.500 habitantes neste século, cunha densidade media duns 495 hab/km<sup>2</sup>. O núcleo urbano conta cuns 6.100 habitantes, poboación que se incrementa notablemente durante o verán, coincidente coa segunda metade do período de nidificación da gaivota patiamarela. Vila mariñeira por excelencia, destaca o seu porto pesqueiro que, indubidabelmente, vai ter un papel fundamental na poboación de gaivotas que habitan nesta vila, ben de xeito permanente ou ben



Fig. 4. Os primeiros datos que temos rexistrados no núcleo urbano da Guarda corresponden ao ano 2003. Fotografía de tres polos nun dos edificios preto do porto guardés (Antón Ferreira)

estacionario.

Dos 20,5 km<sup>2</sup> de superficie, case un 3,5 % do territorio (aproximadamente 0,70 km<sup>2</sup>) é utilizado polas gaivotas como potencial área de aniñamento, correspondéndose xustamente co núcleo urbano guardés. No extrarradio atopáronse con puntos illados de aniñamento. Un destes lugares localízase xustamente no límite das parroquias de A Guarda e Salcidos, no tellado do colexio de Educación Primaria, sito no lugar de A Sangriña; corresponde a unha única parella que se reproduciu dende o 2017 ata o 2022, ano no que se realizaron obras e deixou de aniñar. Outros dous puntos localizábanse na parroquia de Camposancos. O primeiro deles, que levaba arredor de sete tempadas (dende o 2015) sitúase no hotel Novo Muíño. No ano 2022, foron retirados os pitos e destruído o niño, e posteriormente colocáronse dispositivos para evitar o aniñamento. No ano 2023, a parella fixo intentos para aniñar, mais foilles imposible. Un segundo niño foi construído no centro da parroquia, nunha palmeira que fora atacada polo picudo e carecía de follas, nas proximidades do Casino (ano 2020). Pola información facilitada por veciños da zona, ecllosionaron os ovos e sacaron como mínimo dous pitos, aínda que non sabemos se completaron o ciclo ata poder independizarse. Non volveron aniñar nesa palmeira. No ano 2021, outra parella, que podería ser a mesma que aniñara na palmeira citada, fixo niño no tellado dun chalé, a carón do piñeiral da praia, próximo ao hotel. A distancia entre o hotel e este último niño é de 150 m. No ano 2022, foi colocada unha figura en forma de aguia para evitar que a parella volvесе aniñar. Fixo intentos pero non



Fig. 5. Sombreado, amósase o núcleo urbano da Guarda coincidente coa área de aniñamento colonial da gaviota patiamarela



conseguiu reproducirse.

Mais, vai ser o núcleo urbano guardés onde se establecerá unha verdadeira colonia de gaivotas para reproducirse. Na área de aniñamento, que abarca unhas 80 ha, atópanse arredor de 1.600 tellados, potenciais lugares onde construír os niños; deles, pouco máis de 150 tellados (algo máis do 9 %), serán elixidos para este fin (Fig. 6).

De acordo a área de nidificación sinalada anteriormente, podemos establecer os seguintes límites na superficie usada pola poboación reprodutora: polo norte, a franxa delimitada polos barrios de Fedorento (Santa Tecla) e dos Casás e o castelo de Santa Cruz; polo sur, as últimas vivendas do barrio da Cruzada; polo leste, a estrada a Camposancos paralela ao Trega e a rúa Julia Vaquero e polo oeste, a franxa litoral coincidente co porto



Fig. 6. Sinalización dos lugares exactos onde aniñaron as gaivotas no ano 2021

guardés e a costa guardesa (Fig. 5).

En canto á nidificación, non tódalas parellas van conseguir completar o ciclo reprodutor, isto é, dende que se inicia a construción do niño ata que os pitos conseguen a independencia total. Ao longo de todo o período poden atoparse con vicisitudes inesperadas que poden dar ao traste coa reprodución. Estes impedimentos poden deberse a causas naturais, que apenas teñen incidencia sobre a poboación reprodutora, como postas inviables, destrución natural do niño polo mal tempo, morte de pitos por deshidratación ou falecemento dos proxenitores etc., e causas humanas –que vai ser o máis habitual–. Os factores humanos maniféstanse de varios xeitos: eliminación directa de niños por parte dos propietarios, inquilinos ou mesmo veciños, polas molestias que lles causan (ruídos, deambular de adultos e polos nos tellados, excrementos ou ataques). Ademais da retirada dos niños, tamén se atopa a colocación de elementos persuasivos: fios de nailon, figuras máis ou menos estáticas simulando aves de rapina e outros dispositivos. Outras causas

humanas non tiñan, inicialmente, a finalidade de eliminar niños e/ou retirar pitos, isto sucede, por exemplo, cando é preciso arranxar o tellado, cousa que adoita facerse no verán, xa que se aproveita a estación menos chuviosa.

Os niños adoitan ser construídos, na súa maior parte nos tellados, elixindo prioritariamente os de tella, agás algunha excepción no que poden chegar a facer o niño nos de uralita. Excepcionalmente, tamén poden ser construídos noutros enclaves como pode ser enriba dalgún muro, sobre unha rocha prominente e mesmo sobre palmeiras carentes da coroa ou copa, como aconteceu en tres palmeiras que foran atacadas polo picudo (Fig. 7).



Fig. 7. Niño no curuto nunha palmeira na rúa Puerto Rico, en maio do 2020

# GAIVOTA PATIAMARELA



Fig. 8. Gaivota de primeiro ano fotografada no mes de setembro, tres meses despois de nacida. Plumaxe do dorso xaspeado e totalmente marrón. Patas rosadas. Peteiro negro. Ollo negro




Fig. 9. A: gaivota patiamarela de 3º inverno. Peteiro amarelo con franxa negra. Nun ano máis, xa terá a plumaxe de adulto. B: gaivota patiamarela de 2º inverno. Peteiro negro



Fig. 10. Exemplar adulto. A plumaxe de adulto adquirese a partir do 4º ano

# GAIVOTA ESCURA




Fig. 11 A e B.

Semellante ao gaiivotón, pero a escura é de menor tamaño, practicamente como a gaiivota patiamarela. E as patas son de cor amarela

# GAIVOTÓN



Fig. 12 A, B e C.

É a maior gaiivota existente. Ademais do tamaño, diferénciase da gaiivota escura polas patas, que aquí son de cor carne

# GAIVOTA CHORONA



Fig. 13.

Semellante á gaiivota cabecinegra. Sin-lamos cunha frecha as dúas principais diferenzas a simple vista.

A) Plumaxe estival.

B) En transición inverno-verán.

C-D) Plumaxe invernal.

# GAIVOTA CABECINEGRA




Fig. 14.

Obsérvese as diferencias con respecto á gaiivota chorona.

A/ Plumaxe estival.

B/ Plumaxe invernal.

C/ Individuo de 1º inverno.

D/ Individuo de 2º inverno.

# Crónica dunha xeira entomolóxica polo Monte Aloia



José Rodrigo Dapena

Facía anos que non visitaba o monte Aloia, a fermosa atalaia tudense da serra do Galiñeiro que se converteu no ano 1978 no primeiro Parque Natural de Galicia (cantos máis fan falla!).

O lugar ben merece unha visita, ou dúas, ou... todas cantas cada quen precise para conectar coa natureza, coas fermosas paisaxes e panorámicas que o lugar ofrece, e que quen sabe si coas almas dos nosos devanceiros, as xentes daquel “Medulio” ás que Cabanillas dedicaba aquel emocionante *¡En pé!*:

¡Irmáns no amor a Suevia  
de lexendaria historia,  
¡en pé! ¡En pé dispostos  
a non morrer sen loita!  
¡O día do Medulio  
con sangue quente e roxa  
mercámo-lo dereito



á libre, honrada chouza!  
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!  
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,  
berremos alto e forte:  
“A nosa terra é nosa”.



*Leptotes pirithous*



*Lasiommata maera*

O caso é que alí me plan-tei aquela mañá de finais de agosto de 2023, ben provisto de auga, cazabolboretas na man e a cámara na mochila. Non pintaba un día moi so-lleiro, o lenzo azul do ceo víase en parte oculto polas nubes.

O primeiro que fixen ó chegar alí foi dirixirme ata o Centro de Interpretación da Natureza, unha antiga casa forestal de 1921 proxectada polo enxeñeiro forestal tu-dense Rafael Areses, promotor da gran repoboación fo-forestal do Aloia naquel tempo; quería saber un pouco máis acerca do lugar e infor-marme sobre posibles rutas, e para elo, nada mellor que a información experta de quen dedica os seus esforzos con paixón a informar aos visi-tantes, unha rapaza da que non recordo o seu nome (son moi malo para iso), pero si recordo o seu entusiasmo á hora de contarme algúns dos segredos do parque. A ela pedinlle (para un bo amigo)



*Plebejus argus* amosando o seu reverso alar



Un macho de *Plebejus argus* captando a radiación solar precisa para voar



*Celastrina argiolus*

un exemplar do *Guía de bolboretas* editada pola Xunta no 2005, así como un par de exemplares da recente guía publicada en colaboración con Soceme (*Sociedad para la Conservación y el Estudio de las Mariposas en España*) no marco do programa BMS e os percorridos por varios dos Parques Naturais da Galiza, un pequeno folleto que aínda non tiña na miña biblioteca (a *lepidopteroteca* como eu lle chamo), e co que teño colaborado con varias imaxes de campo dalgunhas das especies ilustradas. Se queredes poderdes descargalo en pdf neste enderezo electrónico:

[https://patrimoniounatural.xunta.gal/sites/default/files/parques/mariposas-MonteAloia-Galicia\\_altaResolucion-25112022\\_permission.pdf](https://patrimoniounatural.xunta.gal/sites/default/files/parques/mariposas-MonteAloia-Galicia_altaResolucion-25112022_permission.pdf)

Sáin de alí co destino decidido, dirixíme pola beira da estrada cara ás Pozas da Cabana. Polo camiño, moitos exemplares de *Lampides boeticus*, *Leptotes pirithous* e un *Cacyreus marshalli*, a pequena bolboreta de orixe sudafricana que chegou ao porto de Mallorca cara ao ano 1988 de polición nun cargamento de xeraniums, e que non tivo problema algún en aclimatarse ao lugar, estendéndose rapidamente por toda a Península Ibérica e unha grande parte de Europa.

### *Leptotes pirithous*

Ao chegar á altura das pozas decidín non baixar e, pola contra, coller un sendeiro de forte pendente que atravesa a espesura do piñeiral e que me levou ata o Miradoiro da Cabaciña, un maravilloso balcón natural que se asoma á Raia e que non



*Hipparchia semele*, o granito axúdalle a permanecer agochada



*Hipparchia statilinus* tratando de pasar inadvertida entre as pólas caídas

deixa indiferente a ninguén; alí gocei durante un bo rato das vistas, do ar no rostro e das bolboretas que facían *hilltopping*: *Lasiommata maera*, *Lasiommata megera*, e *Lampides boeticus*, fundamentalmente (chamoume poderosamente a atención non ver ningunha das *Vanessa* nin papiliónidos nun lugar tan propicio).

### *Lasiommata maera*

Un pouco más abaixo, a escasos metros do miradoiro, ademais das xa citadas, voaban moitos exemplares de *Pyronia tithonus*, *Pararge aegeria*, *Maniola jurtina*, *Coenonympha pamphilus*, *Plebejus argus* e unha *Celastrina argiolus*, unha bolboreta que gusta de lugares húmidos, preto dos regatos, como o Regueiro do Inferno que discorría ao seu carón.

Non me detiven moito, tiña pouco tempo e quería achegarme ata un segundo miradoiro, o de Isra. Polo camiño, repetíanse as especies xa observadas ata o momento, ás que se sumaron moitas *Hipparchia statilinus* e algunha *Hipparchia semele*, especies habituais en terreos pedregosos abertos como polo que transitaba eu naqueles momentos.

Tralo oportuno descanso e novo goce panorámico no meu destino, emprendín o camiño de volta cara ao centro de interpretación, seguíanse a repetir, como é lóxico, as especies rexistradas con anterioridade. Pero aínda agardaba algunha sorpresa.

Agora sí, detívenme por uns minutos nas Pozas da Cabana, voaban moitas libélulas e cabaliños do demo, pero tamén bolboretas, varias *Celastrina argiolus* polo verde, e un precioso e novo exemplar de *Polygonia c-album* que non se deixou retratar. Non moi lonxe delas agardaba unha das bolboretas máis espectaculares que temos na Galiza ao meu entender, un exemplar gastado e coas ás un chisco danadas de *Apatura ilia*, unha fermosísima paxarela con tornasol azul violáceo nas súas ás, unha papoia cun voo directo e moi potente, unha especie que moitas veces pasa desapercibida porque gusta moito



*Apatura ilia*, un exemplar con moitas horas de voo



Reverso alar dunha das femias que por alí voaban de *Zizeeria knysna*



A femia de *Zizeeria knysna* amosando o seu anverso (os machos son azuis)

das alturas, das copas das caducifolias, onde acostuma a pousar para exercer como bo vixía, o vixía do Medulio pensaba eu...

Porén, para rematar a xeira faltaba un último botón, aínda que no canto dun, foron varios, media ducia polo menos! A última en chegar a Galicia empurrada posiblemente polo cambio climático, unha bolboreta de pequeno tamaño que leva por nome *Zizeeria knysna* e que avistou por vez primeira en Galicia a rosaleira Laura Lago a finais de agosto do pasado ano no Rosal (Lago, Rey-Muñiz & Rodrigo. BRAÑA 20: 4-7).

Con moitas imaxes gravadas na retina e na tarxeta de memoria da cámara fotográfica, retornei á casa do parque cara ao final da mañá, rematando deste xeito, unha máis que interesante xornada de mostraxe entomolóxica por lugar tan emblemático do Baixo Miño como é o alto Aloia. Volverei.

# ESTUDO DOS ANFIBIOS PRESENTES NOS MONTES DA SERRA DA GROBA



O presente artigo corresponde ao traballo de prácticas externas das estudantes do Máster en Biodiversidade Terrestre da UVIGO, María Comesaña Ledo, Laura Díaz Lago e Julia González Escriche e do estudante Jonás Fernández Velasco, desenvolvido na segunda semana do mes de xuño de 2023, baixo a dirección e coordinación de Agustín Ferreira Lorenzo, como titor deles en ANA-BAM.

**María Comesaña,**

**Laura Díaz,**

**Jonás Fernández,**

**Julia González**

## Introdución

Os anfibios son un grupo de animais constituído por tres taxons: os anuros (ras e sapos), os urodelos (píntegas e tritóns) e os ximnofióneos (cecilias sen extremidades) (Wake & Koo, 2018). Estes difiren en gran medida en número, morfoloxía e modos de reprodución. Con todo, presentan un trazo común característico, unha pel húmida pola que realizan o intercambio gasoso, sendo o órgano respiratorio principal, e pola que poden expulsar secrecións venenosas a modo de defensa (Wake & Koo, 2018).

Tanto a nivel ibérico como a nivel europeo, Galicia posúe unha elevada diversidade de anfibios, contando con 5 especies de urodelos e 9 especies de anuros. Isto débese á súa posición xeográfica, atopándose entre a rexión biogeográfica eurosiberiana e a mediterránea, o que lle concede características intermedias que, xunto cunha morfoloxía complexa e un clima húmido e variado, favorece a existencia de diversos hábitats idóneos para estes animais (Galán, 2005). Por este motivo, Galicia constitúe unha zona de transición na que coexisten especies de diferentes rexións bio-

xeográficas: endemismos do noroeste ibérico (*Chioglossa lusitanica*, *Lissotriton boscai* e *Ra iberica*), adaptados ás condicións húmidas e tépedas propias de zonas con influencia atlántica; especies distribuídas por toda a Península Ibérica (*Discoglossus galganoi*, *Pelobates cultripes*, *Hyla molleri* e *Pelophylax perezi*), adaptadas ao clima mediterráneo máis seco e cálido; e especies cuxa área de distribución abarca a maior parte de Europa (*Salamandra salamandra* e *Ra temporaria*) ou está restrinxida á Europa occidental (*Triturus marmoratus*, *Lissotriton helveticus*, *Bufo spinosus*, *Epidalea calamita* e *Alytes obstetricans*) (Rodríguez Fernández, 2015). As comarcas costeiras e as zonas montañosas próximas, son as que albergan a maior riqueza de especies de anfibios en Galicia, ao tratarse de lugares con maior réxime de choivas e unha menor amplitude térmica (Galán, 2005). De aí o interese da zona de estudo (Serra da Groba) para a conservación da diversidade de anfibios de Galicia; xa que esta pluviosidade permite a existencia de diferentes hábitats de auga doce como as turbeiras da Valga e Pinzás e as charcas temporais de Alto da Groba, fundamentais para a reprodución da única poboación descrita dentro do Baixo Miño de *Pelobates cultripes* no caso destas últimas (Ferreira Lorenzo, 2021).

Este grupo de animais posúe unha gran importancia dentro dos ecosistemas nos que habita, xa que ocupan un posto intermedio na cadea trófica, servindo de alimento e á súa vez alimentándose de multitude de invertebrados (Beltrán Díaz, 2016). Ademais, as necesidades tróficas varían nas diferentes etapas de desenvolvemento, de modo que realizan distintos papeis no intercambio de nutrientes e enerxía nas redes tróficas (Abarca Alvarado, 2021). A maiores, son un recurso valioso para os carroñeiros pola súa gran densidade e concentración de biomasa, supoñendo unha gran influencia nos procesos ecosistémicos e no ciclo de nutrientes, ao establecer unha conexión entre os depredadores e os detritívoros; ademais contribúen á estabilidade das redes tróficas (Abernethy et al., 2017). Así mesmo, teñen gran importancia nos sistemas acuáticos e terrestres, ao depender de ambos e actuar como bioindicadores da calidade da contorna natural no que se atopan e, por tanto, da saúde que presenta un ecosistema; o que é debido a que son máis esixentes que outros animais en canto á calidade ambiental do hábitat, sobre todo a relativa á auga (Beltrán Díaz, 2016; Abarca Alvarado, 2021).

Como resultado do uso do territorio por parte dos humanos, os espazos naturais fóronse reducindo, derivando no declive de moitas especies de anfibios (Galán, 2005). Actualmente, son o grupo máis afectado pola perda de biodiversidade atopándose un 41 % das especies de ao redor do mundo en perigo de extinción. Isto débese a que son moi vulnerables aos cambios no ambiente pola permeabilidade da súa pel e sensibles á perda de humidade, aos cambios de temperatura ou á presenza de substancias contaminantes ou enfermidades (Abarca Alvarado, 2021). Por outra banda, a súa escasa capacidade de dispersión e a súa dependencia de hábitats acuáticos moi concretos para a reprodución fanos especialmente susceptibles a perturbacións de carácter local (Rodríguez Fernández, 2015).

Existen diversas ameazas que xeran este declive das especies de anfibios. A nivel galego, os factores de ameaza son: 1) Alteración dos hábitats acuáticos vitais para a reprodución destes organismos como a contaminación de corpos de auga e a drenaxe de humidais; 2) Destrución e fragmentación dos hábitats terrestres dos que dependen para desenvolver o resto do seu ciclo vital. 3) Cambio climático global; 4) Introducción de especies alóctonas invasoras como o cangrexo vermello americano (*Procambarus clarkii*); 5) Acidificación de medios acuáticos por mor da choiva

aceda provocada pola contaminación atmosférica; 6) Atropelos na estrada; 7) Persecución directa polo home, ao ser consideradas popular e historicamente como “repugnantes e venenosos”; 8) Captura de exemplares para ter de mascota; 9) Enfermidades infecciosas emerxentes como a ranaviriosis causada por *Ranavirus* e a quitridiomicosis provocada polo fungo quitridio *Batrachochytrium dendrobatidis*; 10) Poboacións illadas e pequenas, o que fai que estean asociados a hábitats moi concretos, como é o caso do sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*), limitado a determinados hábitats e zonas de substrato areoso do sur de Galicia (Galán, 2005).

### Área de estudo

O traballo de campo levouse a cabo en diferentes charcas, regatos, hábitats higraturbosos e zonas circundantes situados nos montes da Valga, A Groba e Pinzás, correspondentes aos municipios de Oia, Baiona e Tomiño, respectivamente. A maiores, visitáronse os alxibes atopados en cada unha das zonas de estudo. As localizacións áchanse situadas na denominada Serra da Groba, a cal se estende polos municipios de Baiona, A Guarda, Oia e Tomiño, na provincia de Pontevedra, Galicia.

As zonas de mostraxe seleccionadas atópanse asociadas ao macroclima tépedo típico e ao bioclima hipoceánico-subhipoceánico (Pinzás) e oceánico-semihipoceánico (A Valga e A Groba) (Gutián & Rego, 2007).

O monte da Valga presenta o pico de maior altitude no alto do Castelo, situado a 488 m, e caracterízase por albergar un substrato litolóxico formado de granito cataclástico (IGME, 1978a). As mostraxes leváronse a cabo en regatos situados próximos ao Curro da Valga, así como tamén en alxibes, nos hábitats higraturbosos presentes no lugar e os bosques circundantes.

O monte de Pinzás atópase entre Serra da Groba e a Serra do Galiñeiro, a unha altitude media duns 380 metros sobre o nivel do mar, rodeando case por completo o núcleo rural da parroquia tomiñesa de Pinzás. O substrato litolóxico desta zona caracterízase por estar formado por granito adamellítico xunto con granito de 2 micas pouco deformado (IGME, 1978b). As mostraxes realizáronse nos hábitats higraturbosos presentes na zona, así como nos regatos, nos bosques circundantes e alxibes. O monte da Groba (648 m) é o punto de maior altitude do municipio de Baiona. O substrato litolóxico característico desta zona está formado por granito cataclástico (IGME, 1978b). As mostraxes foron realizados en diferentes bosques, regatos e ladeiras situadas no camiño cara ao cume, así como tamén nas diferentes charcas temporais próximas ao Alto da Groba, e alxibes situados pola área.

### Materiais e métodos

As mostraxes leváronse a cabo tanto en horario de mañá como en horario de tarde, con condicións climáticas que se alternaron entre ceos despexados con temperaturas altas e choivas intensas con temperaturas intermedias.

Para a toma de mostraxas, empregáronse diferentes transectos e localizáronse os exemplares de forma visual (Fig. 1). Para iso, observáronse activamente as zonas de auga, levantáronse elementos como pedras ou madeira (Fig. 2) e fíxose uso de ganapáns para a recolección e identificación de ovos, cágados e larvas (Fig. 3), así como de bandexas para o caso dos exemplares adultos que non se podían identificar de lonxe (Fig. 4). Contabilizáronse os exemplares de cada especie e realizou-se un mínimo dunha fotografía por especie. No caso dos cágados e larvas, anotouse a presenza da



especie á que pertencían, xa que o número de exemplares era moi elevado e difícil de contabilizar. Apuntouse o seu estadio de vida, sendo xuvenil o referido a individuos en plena metamorfose ou recentemente acabada (pequenos adultos). A identificación das diferentes especies realizou-se coa axuda da Guía de Anfibios e Réptiles de Galicia de Cabrita (2006). No caso dos alxibes, comprobouse a

presenza de anfibios no seu interior, así como tamén as condicións nas que se atopaban e se podían chegar a actuar como “trampas ecolóxicas” para estes animais cando se produce o descenso do nivel da auga, e por tanto, non permiten a súa saída (Wei et al., 2023). No caso de atopar individuos, procedeuse a colocar calquera elemento que servise como rampla para permitir a saída dos anfibios e evitar que quedasen atrapados (Fig. 5).

Para evitar o posible contaxio de enfermidades como a quitridiomycosis duns exemplares a outros, tentáronse de manipular o menos posible, realizando unha desinfección de mans e instrumental antes e despois de cada manipulación.

### Resultados



Na Valga analizáronse zonas de turbeira, regatos, bosques próximos aos regatos e alxibes presentes nos arredores. A maiores, realizáronse levantamentos de pedras, troncos e ramas que se atopaban no chan nas zonas seleccionadas. Puidéronse atopar 4 especies diferentes de anfibios, sendo a máis abundante a ra común (*P. perezi*).

Cabe destacar que, nos alxibes analizados, ade-







Fig. 4



Fig. 5

mais de non atopar ningún exemplar no seu interior, púidose comprobar como a propia construción non era óptima, xa que os muros eran moi elevados sen ningunha estrutura que permitise a entrada e/ou saída dos exemplares, de forma que, se algún individuo entra, por exemplo, para reproducirse, e a cantidade de auga descende, quedaría atrapado no seu interior. Por este motivo, colocáronse paus de gran tamaño para permitir a saída dalgún futuro exemplar que puidese entrar neles.

En Pinzás analizáronse hábitats higróturbosos, así como regatos, charcas e alxibes. A maiores, realizáronse levantamentos de pedras, troncos e ramas que se atopaban no chan nas zonas seleccionadas. Atopáronse 6 especies diferentes de anfibios, sendo a máis abundante a ra común (*P. perezi*). A maiores das especies atopadas na Valga, púidose atopar a raniña de San Antón (*H. molleri*) e o sapinho pintoxo ibérico (*D. galganoi*). Nos alxibes atopáronse exemplares de *P. perezi*, e procedeuse a colocar elementos para permitir a saída dos animais, xa que as condicións destes non eran as axeitadas.

Na Groba analizáronse zonas de bosque, regatos, charcas e un alxibe. A maiores, realizáronse

levantamentos de pedras, troncos e ramas que se atopaban no chan nas zonas seleccionadas. Atopáronse 9 especies diferentes de anfibios, sendo a máis abundante a ra patilonga (*R. iberica*). Esta foi a localización na que máis especies de anfibios se observaron, obtendo especies novas

A Valga			
Nome común	Especie	Estadio	Número
Ra común	<i>Pelophylax perezi</i>	Xuvenís	3
		Adulto	26
		Ovos	-
Ra patilonga	<i>Rana iberica</i>	Adulto	1
		Xuvenís	2
		Cágados	>10
Tritón verde	<i>Triturus marmoratus</i>	Cágados	>16
Tritón ibérico	<i>Lissotriton boscai</i>	Adulto	3

Táboa 1. Móstranse tanto o nome común como o da especie, o número de exemplares atopados por especie, e o estadio no que se atopaban.

Pinzás			
Nome común	Especie	Estadio	Número
Ra común	<i>Pelophylax perezi</i>	Adulto	42
		Ovos	-
		Cágados	>10
Ra patilonga	<i>Rana iberica</i>	Cágados	>10
Raniña de San Antón	<i>Hyla molleri</i>		1
Sapiño pintoxo ibérico	<i>Discoglossus galganoi</i>	Adultos	2
Tritón verde	<i>Triturus marmoratus</i>	Adultos	3
			1
		Cágados	>10
Tritón ibérico	<i>Lissotriton boscai</i>	Cágados	>10

Táboa 2. Móstranse tanto o nome común como o da especie, o número de exemplares atopados por especie, e o estadio no que se atopaban

con respecto a Pinzás e A Valga. No alxibe visitado atopouse un adulto de *L. boscai*; así mesmo, procedeuse a colocar un pau de gran tamaño que permitise a saída en caso de descenso do nivel da auga, dese ou outros anfibios que se puideren meter nel.

Como se pode comprobar, *P. perezi* estivo presente nas tres áreas de estudo, do mesmo xeito

que *R. iberica*, *L. boscai* e *T. marmoratus*. Pola súa banda, *D. galganoi* atopouse ausente unicamente na Valga. No que respecta a Pinzás, foi o único lugar no que se puido atopar a presenza da especie *H. molleri*. A Groba presentou 9 das 10 especies totais de anfibios detectadas ao longo das mostraxes, sendo por tanto o único lugar no que se observaron *P. cultripes*, *E. calamita*, *B. spinosus* e *S. salamandra* spp. *gallaica*.

## 5. Discusión

En conxunto, entre as 3 zonas de mostraxe atopáronse un total 10 especies das 14 (5 urodelos e

A Groba			
Nome común	Especie	Estadio	Número
Ra común	<i>Pelophylax perezi</i>	Adulto	3
Ra patilonga	<i>Rana iberica</i>	Xuvenis	12
		Cágados	>10
Sapo común	<i>Bufo spinosus</i>	Adulto	6
Sapiño pintoxo	<i>Discoglossus galganoi</i>	Xuvenis	3
Sapo corriqueiro	<i>Epidalea calamita</i>	Adulto	1
		Xuvenis	4
Sapo de esporóns	<i>Pelobates cultripes</i>	Xuvenis	3
		Cágados	>10
Tritón verde	<i>Triturus marmoratus</i>	Adulto	1
Tritón ibérico	<i>Lissotriton boscai</i>	Adulto	2
Pintega común	<i>Salamandra salamandra</i> spp. <i>gallaica</i>	Adulto	1

(Galán, 2005), o que pon de manifesto a importancia dos ecosistemas de Serra da Groba para a conservación da fauna de anfibios. Con todo, o máis probable é que a diversidade de anfibios deste sistema montañoso sexa maior da observada neste estudo por mor da escasa extensión da área analizada, a época do ano, as condicións meteorolóxicas e o momento do día

Táboa 3. Móstranse tanto o nome común como o da especie, o número de exemplares atopados por especie, e o estadio no que se atopaban

Nome común	Nome científico	A Valga	Pinzás	A Groba
Ra común	<i>Pelophylax perezi</i>	Si	Si	Si
Ra patilonga	<i>Rana iberica</i>	Si	Si	Si
Raniña de San Antón	<i>Hyla molleri</i>	No	Si	No
Sapo de esporóns	<i>Pelobates cultripes</i>	No	No	Si
Sapo corriqueiro	<i>Epidalea calamita</i>	No	No	Si
Sapiño pintoxo ibérico	<i>Discoglossus galganoi</i>	No	Si	Si
Sapo común	<i>Bufo spinosus</i>	No	No	Si
Tritón ibérico	<i>Lissotriton boscai</i>	Si	Si	Si
Tritón verde	<i>Triturus marmoratus</i>	Si	Si	Si
Pintega común	<i>Salamandra salamandra</i> spp. <i>gallaica</i>	No	No	Si

Táboa 4. Presenza das diferentes especies de anfibios encontradas en cada unha das áreas estudadas.

no que se realizaron as mostraxes; factores que tenden a afectar á representación de

determinadas especies, dadas as diferenzas nos hábitats, períodos de actividade e estratexias vitais entre as especies. Por este motivo, se se realizase un maior esforzo de mostraxe durante días húmidos e cálidos entre os meses de febreiro e xuño (a época de maior actividade reprodutiva da maioría de especies) incluíndo itinerarios nocturnos na periferia dos hábitats acuáticos (Rodríguez Fernández, 2015), a representación dalgunhas especies e riqueza delas sería probablemente maior.

Unha das especies que se atopou en todas as áreas de estudo foi *P. perezi*, posiblemente debido ao seu carácter estritamente acuático e a que os adultos adoitan tomar o sol nas zonas que rodean os corpos de auga (Egea Serrano, 2014), o que a fai máis fácil de localizar. Ademais, é bastante tolerante en canto á calidade da auga (Egea Serrano, 2014), polo que presentou tamén maior abundancia que ningunha outra. A maior presenza desta especie atopouse en Pinzás, seguido da Valga e por último A Groba, con tan só 3 exemplares. Esta falta na Groba pode deberse á carencia de zonas de vexetación de ribeira e de augas permanentes, que requiren polos seus longos períodos larvários (Egea Serrano, 2014; Galvez & Monrós, 2018).

Outras dúas especies que se atoparon en todas as zonas estudadas foron *L. boscai* e *T. marmoratus*, presentes en biótopos moi diversos, sobre todo ocupando charcas, estanques, pozas, bebedoiros, fontes, depósitos de auga... (Díaz Paniagua, 2014; Montori, 2014). Isto explica a súa presenza nas tres áreas de estudo, ao estar presentes nelas os diferentes ambientes que ocupan. Atopáronse larvas de ambas as especies, observando tamén no caso de *L. boscai*, adultos diúrnos en fase acuática (Díaz Paniagua, 2014), e no caso de *T. marmoratus*, só agrupacións de adultos en refuxios diúrnos baixo restos de madeira (Montori, 2014). A ambas as especies gústanlles as augas tranquilas para reproducirse (Díaz Paniagua, 2014; Montori, 2014), polo que estas dúas especies adoitan coexistir (Montori, 2014). No caso de *L. boscai* as temporais (Díaz Paniagua, 2014) e no caso de *T. marmoratus* a abundancia de auga e vexetación de ribeira (Montori, 2014).

*R. iberica* atópase catalogada como “Vulnerable” tanto en España pola IUCN como no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Salvador, 2015). Estivo presente en todas as zonas de estudo, mesmo en Pinzás (cágados), a pesar de que esta especie vese afectada polas cortas de bosque

(Salvador, 2015). Presentou a súa maior abundancia na Groba, seguramente por ser a que se atopa a maior altitude (Salvador, 2015).

O único lugar no que non se atopou *D. galganoi* foi A Valga, o cal pode ser debido á súa preferencia por zonas abertas e con abundante vexetación herbácea (Martinez Solano, 2014), xa que esta área carece destas características ao presentar piñeirais cun sotobosque escaso. Gústalles reproducirse en corpos de auga pequenos, normalmente temporais, como charcas de choiva, fontes e zonas tranquilas de arroyos (Martinez Solano, 2014). En ningún caso se atoparon cágados, xa que o estudo tivo lugar fóra da súa época de reprodución (Martinez Solano, 2014). Na Groba atopáronse xuvenís, que manteñen actividade diúrna e atópanse en zonas de vexetación próxima á beira da auga (Martinez Solano, 2014); en cambio, en Pinzás, os adultos víronse en zonas máis afastadas da auga, nunha zona de piñeiral con algo de sotobosque.

Pinzás foi o único hábitat no que se rexistrou *H. molleri*, atopándoa en estadio metamórfico con restos de cola no interior da auga. Esta especie en España, atópase catalogada pola UICN como Case Ameazada (NT). Durante o período reprodutivo, escolle preferiblemente medios estables con abundante vexetación acuática (Ortiz-Santaliestra, 2015), como é o caso de Pinzás. A especie está asociada a hábitats húmidos con abundante vexetación herbácea ou de matogueira, próximos ás masas de auga (Ortiz-Santaliestra, 2015), motivo polo que posiblemente non se atopou nin na Groba nin na Valga, ao non cumprir con estas características. A ausencia de observacións de individuos adultos en Pinzás durante a mostraxe foi posiblemente debida á gran capacidade de camuflaxe entre a vexetación que presenta esta especie (Ortiz-Santaliestra, 2015), xa que a abundante vexetación de ribeira presente nas marxes das masas de auga en Pinzás foi mostrada activamente, do mesmo xeito que as pedras presentes nas proximidades nas que tamén se poden atopar exemplares (Ortiz-Santaliestra, 2015), en ambos os casos sen resultados.

Na Groba identificáronse 4 especies que non se rexistraron nas outras zonas de estudo. Estas foron *E. calamita*, *B. spinosus*, *P. cultripes* e *S. salamandra* spp. *gallaica*, atopándose as dúas últimas catalogadas como case ameazadas en España pola IUCN, e no caso do sapo de esporóns, tamén de forma global. Ningún adulto destas especies se atopaba preto da auga, xa que, ao non estar en época reprodutora, a súa actividade é totalmente terrestre (Gómez Mestre, 2014; Ortiz-Santaliestra, 2014; Recuero, 2014; ver Antón & Buckley, 2015). Observáronse adultos de *E. calamita*, *B. spinosus* e *S. salamandra* spp. *gallica* baixo pedras e troncos, debido a que estas especies son basicamente nocturnas e atópanse refuxiadas durante o día (Gómez Mestre, 2014; Ortiz-Santaliestra, 2014; ver Antón & Buckley, 2015). No caso de *P. cultripes*, atopáronse tanto cágados nas charcas, como individuos metamórficos con restos de cola en zonas próximas á auga, debido a que estes a abandonan antes de acabar a transformación (Recuero, 2014). En cambio, os adultos desta especie teñen hábitos terrestres e nocturnos, permanecendo enterrados ou en galerías durante as horas diúrnas (Galán et al, 2010), o que dificulta a súa localización. Cabe destacar que este anfíbio é o máis escaso en Galicia, encontrándose como VU no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Galán et al., 2010). Todas estas especies atópanse en hábitats moi variados (Gómez Mestre, 2014; Ortiz-Santaliestra, 2014; Recuero, 2014; ver Antón & Buckley, 2015) con certas preferencias, como os substratos pouco compactados no caso de *P. cultripes* (Recuero, 2014) ou os bosques caducifolios con masas de auga próximas no caso da *S. salamandra* spp. *gallaica* (ver Antón & Buckley, 2015), chegando a colonizar mesmo zonas antropizadas no caso de *E. calamita* e *B.*

## Área de estudo dos anfibios na Serra da Groba



*spinus* (Gómez Mestre, 2014; Ortiz-Santaliestra, 2014). O monte da Groba reúne estas características, o que explica a presenza e o rexistro destas dúas especies no lugar. Tanto *P. cultripes* como *E. calamita* teñen preferencia polas charcas temporais ou estacionais (Galán et al., 2010; Gómez Mestre, 2014; Recuero, 2014), que podería ser o motivo polo cal se atoparon con máis facilidade na Groba, xa que conta cunha gran cantidade de charcas temporais. No caso do sapo de esporóns, prefire as que teñen longo hidroperíodo debido ao seu longo período larvario (Galán et al., 2010), o

cal poden acurtar dependendo da dispoñibilidade de auga (Recuero, 2014); con todo, debido ao seu curto período larvario, o sapo corredor pode chegar a reproducirse en charcas moi breves, producidas pola inundación de cunetas ou rodadas de vehículos (Gómez Mestre, 2014; Galvez & Monrós, 2018). Aínda que ten preferencia polas charcas permanentes, o sapo común tamén se reproduce en charcas temporais, ademais, presenta filopatría, polo que volve aos mesmos lugares de posta (Ortiz-Santaliestra, 2014). Estas catro especies limitan a interacción con outras ás épocas de cría (Gómez Mestre, 2014; Ortiz-Santaliestra, 2014; Recuero, 2014; ver Antón & Buckey, 2015), do mesmo xeito que *L. boscai* e *T. marmoratus* (Díaz Paniagua, 2014; Montori, 2014).

Unha das características comúns de todas as zonas de estudo analizadas consiste na presenza de gando vacún e cabalos salvaxes, a cal chega a ser bastante importante nalgunhas zonas. Comprobouse que a alta densidade destes animais pode representar un grave problema para a conservación do hábitat dos anfibios, xa que pisan charcas e lagoas, e defecan dentro da auga provocando eutrofización nas mesmas. Isto repercute especialmente na reprodución de *P. cultripes* nas charcas temporais do Alto da Groba, xa que esta especie require de charcas cun longo hidroperíodo (Galán et al., 2010) que se poderían secar prematuramente ou volverse anóxicas por mor da excesiva presión producida polos herbívoros. Ademais, o pisoteo e a eutrofización aumentan a turbidez das charcas, o que inhibe o desenvolvemento da vexetación acuática asociada a unha maior diversidade de anfibios (Rodríguez Fernández, 2015). Por tanto, podería ser necesario a formulación de medidas para mitigar esta problemática.


Nas zona de montes analizadas existe gran cantidade de pilóns de almacenamento de auga, os cales poden supoñer un perigo para a fauna, especialmente anfibios, debido a que estes poden



entrar, pero se o nivel de auga é moi baixo, non son capaces de saír e acaban morrendo; o que se coñece como “trampa ecolóxica” (Wei et al., 2023). Debido á gran densidade de anfibios na zona e a súa grave situación de ameaza, sería moi conveniente realizar traballos de adecuación destes pilóns para que non supoñan unha causa de mortalidade engadida. Para iso, adóitanse crear ramplas, colocar redes que permitan o agarre ata a saída, ou calquera outro elemento que realice esta función. Na Figura 6 pódese observar un exemplo realizado nas Illas Cíes, onde os pilóns se atopan valados, e con ramplas e redes para que os anfibios ou réptiles poidan saír perfectamente.

## 6. Conclusión

A Serra da Groba é unha área de gran importancia para os anfibios, ao presentar unha ampla variedade de hábitats que poden ocupar, polo que a súa protección é vital para a conservación deste grupo animal. A pesar de non ser a mellor época do ano para atopar anfibios, rexistráronse 10 das 14 especies presentes en Galicia, atopando especies como ou *P. cultripes*, o anfibio máis ameazado de Galicia. Sería recomendable realizar mostraxes en horario nocturno, non só para mellorar a detección dalgúns especies como *S. sala-*





*mandra* spp. *gallaica*, senón tamén para poder obter un coñecemento e abundancia real das poboacións da zona. Así mesmo, tamén sería recomendable realizar un acondicionamento dos pilóns presentes na Valga, Pinzás e A Groba, para asegurar que os exemplares non queden atrapados no seu interior.

## 7. Bibliografía

Abarca Alvarado, J. G. (2021). Anfibios en peligro: amenazas y estrategias efectivas de conservación. Bioce-



## A Groba

nosis, 32(1), 83-93. <https://doi.org/10.22458/rb.v32i1.3552>

Abernethy, E. F., Turner, K. L., Beasley, J. C. & Rhodes, O. E. (2017). Scavenging along an ecological interface: utilization of amphibian and reptile carcasses around isolated wetlands. *Ecosphere*, 8(11). <https://doi.org/10.1002/ecs2.1989>

Beltrán Díaz, N., Martínez Ruiz, R. & Perales Rodríguez, J. (2016). Guía de Anfibios de los Parques Nacionales Españoles. Organismo Autónomo Parques Nacionales, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

Cabrera, M. A. (2006). *Guía dos anfibios e réptiles de Galicia*. Baía Ediciones.

Díaz-Paniagua, C. (2014). Tritón ibérico – *Lissotriton boscai*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Egea-Serrano, A. (2014). Rana común – *Pelophylax perezi*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Ferreira Lorenzo, A. (2021). Unha poboación do anostráceo *Tanyastix stagnalis* (Linnaeus, 1758) (Anostraca: Tanyastigidae) no Alto da Groba (Baiona, Pontevedra). *Revista de Estudos Miñoráns*

Galán, P. (2005). Herpetofauna de Galicia: situación actual y amenazas que inciden en su conservación. *Recursos Rurais*, 2, 51-64.

Galán, P., Cabana, M., & Ferreiro, R. (2010). Estado de conservación de *Pelobates cultripes* en Galicia. *Bol. Asoc. Herpetol. Esp.*

Galvez, A., McKnight, D. T., & Monrós González, J. S. (2018). *Habitat preferences of breeding amphibians in eastern Spain*. *Herpetological Conservation and Biology*, 2018, 13(2), 453-463.

Gómez-Mestre, I. (2014). Sapo corredor – *Epidalea calamita*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>



Gutián, M. R., & Rego, P. R. (2007). Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos rurais: revista oficial do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)*, 3, 31-53.

IGME (Instituto Geológico y Minero de España). (1978a). *Mapa geológico de España. Magna50 - Hoja 298, La Guardia*. Escala 1:50.000. Ministerio de Industria y Energía. Consultado el 25/04/2022 en: <http://info.igme.es/cartografiadigital/geologica/Magna50Hoja.aspx?language=es&id=298>

IGME (Instituto Geológico y Minero de España). (1978b). *Mapa geológico de España. Magna50 - Hoja 261, Tuy*. Escala 1:50.000. Ministerio de Industria y Energía. Consultado el 25/04/2022 en: <http://info.igme.es/cartografiadigital/geologica/Magna50Hoja.aspx?language=es&id=261>

Martínez-Solano, I. (2014). Sapillo pintojo ibérico - *Discoglossus galganoi*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Monte Pinzás (2020). *Sobre nós*. Comunidade de Montes de Pinzás. Recuperado el 27/04/23 de <https://montespinzas.org>

Montori, A. (2014). Tritón jaspeado – *Triturus marmoratus*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Ortiz-Santaliestra, M. E. (2014). Sapo común – *Bufo spinosus*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Ortiz-Santaliestra, M. E. (2015). Ranita de San Antonio – *Hyla molleri*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Recuero, E. (2014). Sapo de espuelas - *Pelobates cultripes*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Rodríguez Fernández, S. (2015). Factores que inciden en la conservación de las comunidades de anfibios del noroeste ibérico. *USC*

Salvador, A. (2015). Rana patilarga - *Rana iberica*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Velo-Antón, G., & Buckley, D. (2015). Salamandra común – *Salamandra salamandra*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Martínez-Solano, I. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>

Wake, D.B., & Koo, M.S., (2018). Amphibians. *Current Biology*, 28(21), R1237-R1241, <https://doi.org/10.1016/j.cub.2018.09.028>

Wei, P., Wu, Y., Ai, R., Tie, M., Duan, Y., & Yuan, Z. (2023). Artificial ponds can be ecological traps for amphibians: A case study from Chuxiong Prefecture, Yunnan, China. *Biological Conservation*, 279, 109945.

# ANUROS



*Bufo spinosus*



*Discoglossus galganoi*



*Epidalea calamita*



*Hyla molleri*



*Lisotriton boscai*



*Pelobates cultripes*



*Pelophylax perezi*



*Rana iberica*

## URODELOS



*Salamandra salamandra*



*Triturus marmoratus*

# COLABORACIÓN CIDADÁ



O 9 de agosto recibiamos unha mensaxe por WhatsApp, fotografía incluída, dun SISÓN (*Tetrax tetrax*) recollido na zona de Carregal (Tomiño). Podería ter escapado dalgún criadeiro ou ben ter chegado aquí procedente do medio natural. Probablemente estaba canso ou tiña algún problema momentáneo porque pouco despois botaría a voar. Agradecemos a Windar Lobo G. e Adrián Estévez G. a información facilitada.



O 2 de setembro, aparecía o cadáver dun mazarico chiador (*Numenius phaeopus*) na zona rochosa da praia de Camposancos, no Puntal. A información e a imaxe foi facilitada por Aristides Ávila Fernández. Noso agradecemento.



Marta Ortega enviounos, ao longo de varias semanas do mes de xullo, varias fotografías de vacalouras que había no xardín da súa casa. Tratábase dun bo número de exemplares, machos e femias e aos que fixo un seguimento durante o tempo que estiveron alí.

28 agosto. Raúl “Mascato”, achégase ao local de ANABAM para facer entrega dun loro gris (*Psittacus erithacus*) atopado durante a mañá na zona da “Pesqueira” (O Rosal). Inmediatamente poñemos na rede social Facebook a imaxe do animal e non tarda o propietario en poñerse en contacto con nós. Logo das pertinentes explicacións coas que comprobamos que o animal era del, procedemos á súa entrega.



# COUSAS DE ANABAM

## PROXECTO LARUS: PRIMEIROS PITOS DA TEMPADA 2023

O 2 de maio demos comezo a unha nova tempada do *Proxecto Larus* e o día 1 de xuño rexistramos os primeiros polos desta campaña grazas á información facilitada polo veciño da Guarda, Esteban Doiro, habitual colaborador no seguimento dos niños de gaivota ao poder observar varios deles dende a súa vivenda. Ata esta desprazámonos para ter as primeiras imaxes destes novos "guardeses". A partir de agora, e cada día que pasa, empezaremos a ver polos sobre os tellados, enfronándose cos primeiros aconteceres da súa incipiente vida: fortes períodos de insolación, chuvia intensa por veces, frío noutras ocasións... Pero aí estarán os seus proxenitores para defendelos de calquera inxerencia que se presente. Como tódolos anos, recolleremos información dos niños e do número de pitos nados no municipio guardés.



## VARAMENTO DUN ARROAZ NA COSTA DA GUARDA

O día 13 de maio rexistramos o varamento dun novo cetáceo, neste caso na costa centro da Guarda, á altura do colexio das Solanas. Trasladámonos ata o mencionado lugar para recoller os primeiros datos e, ao mesmo tempo, dar traslado do varamento aos compañeiros da CEMMA. Tratábase dun macho de arroz (*Tursiops truncatus*) que superaba os dous metros e medio de lonxitude e un diámetro de máis de 120 cm. Polas condicións nas que estaba, xa debía de levar morto máis dunha semana. Noso agradecemento a David da Silva por poñerse en contacto con nós para informarnos da presenza do animal, así como ao resto das persoas que, posteriormente, tamén nos comunicaron esa mesma información.



## *Honckenya peploides*:

### HAI ESPERANZA

Hai pouco máis dun ano que levamos a cabo a última plantación de *Honckenya peploides*, unha planta que debeu desaparecer da praia de Camposancos, probablemente, a mediados do século pasado e que fora citada polo botánico Baltasar Merino a principios dese século nesa mesma praia. O 28 de xuño, inesperadamente, puidemos ver os primeiros pés asomando sobre a area.



## PROGRAMA I AM NATURE, “A’ CERCA DO MINHO”

Foi unha actividade desenvolvida o 28 de agosto, na marxe esquerda do río Cábado, Esposende, na que estivo presente ANABAM, representada polo socio e membro da Xunta Directiva, Manuel A. Pombal Diego “Peque”, quen estivo acompañado do fotógrafo naturalista Carlos Rio.

Peque explicou o “Proxecto Borrelho” desenvolvido por ANABAM salientando as características do borrelho-de-coleira-interrompida (Píllara das dunas) e o avance e principais resultados alcanzados no devandito proxecto dende que se puxo en marcha, no ano 2011, nas praias do norte portugués. Tamén comentou como foi medrando coa implicación do CMIA de Viana do Castelo no 2014 e da “Rio Neiva-Asociación Defensa do Ambiente” e V.ESP.A. (Voluntários de Esposende para o Ambiente), no 2022, cubrindo agora mesmo uns 40 km de costa portuguesa.

En conclusión, foi unha actividade divulgativa ben entretida e onde todos os participantes tiveron a oportunidade de aproximarse a aspectos relacionados coa protección e divulgación, neste caso concreto, das aves.

En conclusión, foi unha actividade divulgativa ben entretida e onde todos os participantes tiveron a oportunidade de aproximarse a aspectos relacionados coa protección e divulgación, neste caso concreto, das aves.



## CONCELLO DA GUARDA: PARCELA DE AXUDA AOS INSECTOS

O Concello da Guarda, a través da Concellaría de M. A. e Biodiversidade, levou a cabo outra das accións propostas por ANABAM: deixar unha parcela, no Castelo de Santa Cruz, sen rozar para favorecer a presenza dos insectos polinizadores. A proposta desta asociación era máis ampla do que se fixo, pero como primeiro paso, dámonos por satisfeitos.

Esperamos que en próximas rozas, tanto na fortaleza de Santa Cruz como pola franxa costeira, se deixen parcelas, duns dez metros de lonxitude, sen rozar, por cada 30 de roza, así como a colocación de carteis informativos co fin de que a cidadanía coñeza o motivo de deixar esas zonas e, deste xeito, tratar de concienciar á poboación na necesidade de favorecer a presenza dos insectos polinizadores.

## ANABAM: PROTECCIÓN DA "Honckenya peploides"

O mércores 30 de agosto procedemos á delimitar a zona onde temos os primeiros exemplares de *Honckenya*. Logo de que pasaran máis de 100 anos dende que fora citada polo botánico e xesuíta Baltasar Merino, a mencionada praia volve contar con esta curiosa e interesante planta logo de que ANABAM, despois de varios anos intentando reintroducila, por fin consegue ver resultados satisfactorios



neste ano 2023. A plantación levouse a cabo o pasado ano con exemplares procedentes do outro lado do Miño. A *Honckenya peploides* é unha das plantas máis ameazadas dos areais costeiros. No Baixo Miño contabamos, ata agora, cunha única poboación extremadamente ameazada na praia das Besadas, en Mougás, Oia, a carón do Cámping O Muíño, polo que ANABAM tamén desenvolveu medidas de protección dentro do seu plan denominado PREABAM (Protección e Reintrodución das Especies Ameazadas do Baixo Miño). O Concello da Guarda, a través da Concellaría de M. A. e Biodiversidade, sumouse xa, nesta localidade, a varias das medidas propostas por esta asociación, de tal xeito, que, tal e como lle pedimos, non se eliminase da praia do Puntal a materia orgánica, para favorecer a acumulación de area e á biodiversidade. Tamén se lle solicitou a colocación dun cartel informativo sobre a *Honckenya peploides*.



## ANABAM: LIMPEZA DO AREAL DE CAMPOSANCOS

O domingo, 1 de outubro, colaboramos na actividade organizada pola Concellaría de M. A. e Biodiversidade do Concello da Guarda, na limpeza dun tramo da praia de Camposancos, na que participaron unha ducia de persoas. Pouco lixo recollemos, o que é, sen lugar a dúbidas, un bo sinal. Antes de dar comezo á limpeza, un membro de ANABAM explicou, nunha pequena charla duns cinco minutos, algunha da

biodiversidade que atopamos ou que se extinguiu na praia e o que se está a facer para recuperala, caso do escaravello *Eurynebria complanata* ou a planta *Honckenya peploides*, mostrando tamén como o labor desenvolvido por ANABAM na primeira década deste século, conseguiu reintroducir e ampliar a presenza doutra especie, a *Otanthus maritimus*.



## CONTA ATRÁS PARA POÑER EN MARCHA OUTRO DOS PROXECTOS MÁIS AMBICIOSOS.

O domingo 24 de setembro, reunímonos no local de ANABAM, un grupo de persoas, membros desta entidade conservacionista, para tratar da instalación de dous NIÑOS DE AGUIA PEIXEIRA na marisma de Salcidos. Este é outro dos ambiciosos proxectos de ANABAM que será pioneiro na Comunidade galega. O proxecto consiste na instalación de dous postes, dunha

altura duns seis metros. Na parte superior terán unha peana para a instalación do niño, así como un pousadeiro situado metro e medio máis alto. Ademais, está previsto instalar na parte superior dun dos niños unha cámara que envíe fotografías e/ou vídeos en tempo real.

O proxecto, denomínase **Plan de Asentamento e Conservación da Aguiá Peixeira no Baixo Miño (PACAPBAM)**. A idea leva algo máis dun par de anos, pero agora xa demos os primeiros pasos, conseguindo os correspondentes permisos, empezando pola Comunidade de Montes de Salcidos -A Guarda-, logo do Servizo Provincial de M. A. -Xunta de Galicia-, e, finalmente, do Servizo Provincial de Costas -MITECO-).

Que sexan ocupados pola aguiá pesqueira estes niños non vai ser nada fácil, pero dende ANABAM imos facilitarlle esa posibilidade. Tampouco podemos descartar que outras aves puideran utilizar os niños (caso, por exemplo, dalgunha parella de cegoñas). Veremos que dá de si nestes próximos anos este ilusionante proxecto que, de seguro, non deixará indiferente a ninguén, especialmente aos afeccionados e estudosos da ornitoxía e, por suposto, aos amantes da natureza.



### TINTEIRO (*Aplysia punctata*)

Durante o verán recibimos algunhas chamadas de usuarios da praia que nos informaban da presenza dun raro animal que podía verse na area ou entre as rochas, recibindo, tamén, nalgún caso, fotografías destes.

Tratábase dos coñecidos como TINTEIROS, moluscos mariños, totalmente inofensivos, que realizan a posta nesa época do ano. Postas que tamén se poden atopar nos mesmos lugares, ou sexa, nas praias ou nas rochas traídas polas mareas e ondadas do mar. Así que, o que fixemos foi colocar varios carteis nas praias de Fedorento e da

Area Grande, dando conta do que se trata, aconsellando tamén, que no caso de atopar algún fóra da auga, se proceda a levalo ao mar. Recalcando que son animais inofensivos.



## ANABAM ENVÍA INSTANCIA Á NOVA CORPORACIÓN GARDESA POR INCUMPRIMENTO DA LEI NAS ÚLTIMAS DÚAS LEXISLATURAS

Con data 10 de outubro, presentouse ao Concello da Guarda, a través da sede electrónica, instancia dirixida ao citado concello, na que se sinalan unha serie de aportacións desde o punto de vista do incumprimento da lei durante as últimas dúas lexislaturas e que deben asumir os novos responsable políticos. A instancia en cuestión é a seguinte:

### EXPOSICIÓN

O Concello da Guarda, dentro das súas competencias, ven incumprindo de xeito sistemático a lexislación ambiental en materia de medio ambiente desde o ano 2007. En particular:

1. Real Decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.
2. Real Decreto 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumado exterior.
3. Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.
4. Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.
5. Estratexia para o control, xestión e posible erradicación do avispon asiático ou vespa negra (*Vespa velutina* ssp. *nigrithorax*) en España (2015).
6. Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
7. Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais. Neste senso, as administracións locais deben cumprir os instrumentos lexislativos aprobados a nivel autonómico, estatal e europeo para manter a boa saúde do medio ambiente e da cidadanía, supondo, o incumprimento das medidas establecidas nos citados instrumentos lexislativos unha degradación do medio natural que comporta infraccións e sancións que deberá asumir a Administración local e, en consecuencia, toda a cidadanía.

### SOLICÍTASE

Que se restaure e respecte, na maior brevidade posible, a legalidade vixente en materia de medio ambiente dentro das competencias da Administración local e, en particular:

1. Reutilización das augas depuradas para a limpeza das rúas e o rego de zonas verdes urbanas (Real Decreto 1620/2007).
2. Modificación da iluminación ornamental dos espazos e edificios públicos para reducir a contaminación lumínica (Real Decreto 1890/2008).
3. Defensa do patrimonio natural e dos dereitos da cidadanía fronte ao proxecto do Parque Eólico Toroña considerando ao Concello de A Guarda como afectado e, por

consequente, beneficiario do Fondo de Compensación Ambiental (Lei 8/2009).

4. Cumprimento das medidas para a eliminación de alteracións da zona dunar polas que, de xeito xeral, as autoridades competentes promoverán medidas para eliminar aparcadoiros, pistas ou infraestruturas que degraden o cordón dunar e lograr o restablecemento da vexetación orixinal das zonas degradadas (Decreto 9/2014).
5. Realización de campañas de información e sensibilización das persoas usuarias das praias divulgando:
  - 1) a importancia da presenza de arribazóns de algas como elemento do ecosistema costeiro e non sucidade,
  - 2) a responsabilidade da recollida do lixo derivado da actividade humana pero mantendo os restos de arribazón que só serán eliminados cando afecten á calidade da auga e
  - 3) a necesidade de eliminar os puntos de recollida de lixo (papeleiras), pois a presenza de restos orgánicos é un reclamo para a presenza de depredadores oportunistas (Decreto 9/2014)
6. Eliminación da recomendación do trampeo masivo do avispción asiático por parte da cidadanía (Estratexia nacional 2015).
7. Instalación de composteiros comunitarios para a recollida selectiva da fracción orgánica no casco urbano (Lei 7/2022).
8. Implantación de programas de xestión de colonias felinas mediante a obrigatoria identificación e esterilización de tódolos gatos das colonias felinas (Lei 7/2023).



### **ANABAM RECIBE UNHA SUBVENCIÓN DO CONCELLO DA GUARDA**

Ao igual que outras asociacións, ANABAM presentou a súa proposta na convocatoria de subvencións do concello guardés, sendo aprobada esta petición cun importe de 1.630 € que se destinarán, tal e como figura na petición presentada, a sufragar parte dos gastos que xera a publicación desta revista CARRIZAL (6 números/ano) e a publicación dun monográfico sobre a Igrexa parroquial Santa María da Guarda.

O convenio foi asinado o día 24 de xuño na Casa do Concello entre o Alcalde, Roberto Carrero, e o presidente de ANABAM, Agustín Ferreira.

## APUNTES DA NOSA HISTORIA

### CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA. O QUE PUIDO SER E NON FOI

Nos primeiros anos deste século XXI, comezamos as xestións, diante da Delegación da Consellería de M. A. da Xunta de Galicia, para a construción dun Centro de Interpretación da Natureza co obxectivo de sensibilizar sobre a biodiversidade e a paisaxe do esteiro do Miño. Consequimos que no ano 2008 fose aceptada a nosa petición neste senso. Falamos co, por aquel entón, presidente da Entidade Local Menor de Camposancos, Rafael Martínez, para a cesión de terreos onde construír o centro, barallando dúas posibilidades, ámbalas dúas na Armona, unha ao lado das edificacións da "Noria", para o que se procedeu a realizar a corta dos piñeiros que alí había, e a outra no campo de fútbol, xa en desuso. Finalmente, optamos por este último. Dende o Servizo Provincial de M. A. de Pontevedra mandouse redactar o proxecto no ano 2009, que estivo a cargo dos arquitectos Luís Miguel Zozaya e Alejandro Zozaya. Foi aprobada unha partida de cartos para a construción do devandito centro. Máis, de súpeto, todo quedou en nada. Segundo descubrimos meses despois, a citada partida iría destinada ao concello de Salvaterra. Non sabemos o que hai de certo nisto, pero o caso é que nos quedamos sen o que tanto desexabamos para este espazo natural, para Camposancos e para A Guarda.



ALZADO SUR

ALZADO OESTE



ALZADO ESTE

ALZADO NORTE (ACCESO)

3.- Aniñamento de gaivotas na vila da Guarda, por Agustín Ferreira Lorenzo.

16.- Crónica dunha xeira entomolóxica polo monte Aloia, por José Rodrigo Dapena.

21.- Estudo dos anfibios presentes na Serra da Groba, por María Comesaña, Laura Díaz, Jonás Fernández e Julia González.

36.- Colaboración cidadà

37.- Cousas de ANABAM:

- Proxecto *Larus*: primeiros pitos da tempada 2023.
- Varamento dun arroz na costa da Guarda.
- *Honckenya peploides*: hai esperanza.
- Programa l'Am Nature "Acerca do Minho".
- Concello da Guarda: parcela de axuda aos insectos.
- ANABAM: protección de *Honckenya peploides*.
- ANABAM: limpeza do areal de Camposancos.
- Conta atrás para poñer en marcha outro dos proxectos máis ambiciosos.
- Tinteiro *Aplysia punctata*.
- ANABAM envía instancia á nova corporación da Guardesa por incumprimento da Lei nas últimas dúas lexislaturas.
- ANABAM recibe unha subvención do Concello da Guarda.

43.- Apuntes da nosa historia: Centro de interpretación da natureza. O que puido ser e non foi.

ESTE BOLETÍN ESTÁ  
PARCIALMENTE  
SUBVENCIONADO  
POLO  
CONCELLO DA GUARDA



## ACTIVIDADES PREVISTAS

Novembro/Decembro

- Censo de aves acuáticas no Esteiro do Miño. Últimos sábados de mes.
- Saídas fin de semana do Grupo de Traballo.
- Rescate de fauna silvestre.
- Entrega premios aos gañadores da Campaña de Protección das andoriñas.
- Rexistro de varamentos de cetáceos e tartarugas.

**INTERESÉCHATE O  
PATRIMONIO NATURAL DO  
BAIXO MIÑO?**

**ENTÓN EN  
ANABAM  
HAI UN SITIO PARA TI.**

**CAMPAÑA DE PROTECCIÓN  
DOS NIÑOS DE ANDORIÑA**



**COLABORAN**

**Tomino**  
CONCELLO

CONCELLO  
**ROSAL**